www.feijoo.gal
@FeijooGalicia
@FeijooGal

GALICIA, GALICIA, GALICIA... GALICIA

galicia PP

5 de Abril · Eleccións á Xunta



# "Fun, son e serei un presidente libre que só se debe a Galicia"

## FEIJÓO QUERE UNHA GALICIA QUE PRESERVE A NORMALIDADE QUE A FAI EXTRAORDINARIA. O SEU OBXECTIVO É TAMÉN "UNHA GALICIA QUE CONSTRÚA E AVANCE UNIDA" PORQUE "XAMAIS SE PUIDO CONSTRUIR NADA SÓLIDO, DURADEIRO E QUE MEREZA A PENA SOBRE O ODIO E O ENFRONTAMENTO"

Alberto Núñez Feijóo preséntase á presidencia da Xunta logo de tres lexislaturas mantendo a estabilidade de Galicia na peor das crises económicas e tamén na peor das crises institucionais. Galicia mantívose allea a todos os bloqueos, eleccións e enfrontamentos entre bloques de partidos que hai en España e seguiu avanzando. **Hoxe Galicia crece, ten menos paro, menos impostos e máis e mellores servizos públicos.** "Guste máis ou menos, os galegos saben que fago o que digo, que só digo o que podo facer e que non prometo imposibles, pero sempre fago todo o que está na miña man con responsabilidade". » **P.3**

## Qué tiene Feijóo en...



...su despacho



...su móvil



...sus manos



...su cabeza

» **P.2**

## TÓMATE UN CAFÉ CON FEIJÓO

SEGUE NAS REDES SOCIAIS EN QUE CONCELLO PODERÁS ENCONTRARTE CON EL CADA DÍA PARA CHARLAR E TRASLADARLLE AS TÚAS ACHEGAS




## 10 LIDERAZGOS DE GALICIA que quizás no sabías




descubre más...

» **P.5**

## OS LÍOS DO MULTIPARTITO

Seguen exactamente igual que hai 4 anos.



» **P.10-11**

# Qué tiene Feijóo en...



## ...su despacho

En las paredes de su despacho en la Xunta cuelga el contrato con los gallegos que firmó en la campaña de 2009 cuando aún no era presidente. Se consiguieron aquellos objetivos pero ahí sigue para recordarle cada día a quién se debe y la importancia de cumplir los compromisos.



## ...su estantería

No faltan los principales títulos de García Márquez ni de algún que otro periodista gallego que no se caracteriza por precisamente regalarle piropos. Pero lo que más llama la atención son los cochecitos con los que jugaba cuando era pequeño y aún conserva. Por ahora se mantienen lejos del alcance de los niños.



## ...su casa

El mejor momento del día: desayunar con su familia. Padre e hijo comparten juegos tanto como es posible y, como ilustra la foto, también tienen en común que les gustan los coches y el orden. No hay duda de que la automoción gallega tiene mucho futuro.



## ...su recibidor

Como cualquiera, ahí deja las llaves al llegar. Como no tantos, también deja el discurso que tendrá que pronunciar el día siguiente. Finalizó la jornada laboral salvo por el móvil. En el mismo lugar podemos ver también unas entradas para un concierto. ¿De quién?



## ...su móvil

Conserva el mismo número de teléfono que cuando aún no era presidente y en su foto de perfil está la Ría de Vigo a la que decidió mudarse cuando volvió de Madrid hace ya 17 años. A ella escapa siempre que puede con su familia.



## ...su salón

Hay algún que otro obstáculo. Siempre dentro de un orden, eso sí. Aquí vemos cómo una construcción de vanguardia hace algo más difícil poder sentarse en el sofá. Conviene aclarar que no se trata de la maqueta de ninguna de las intermodales que la Xunta está construyendo en todas las ciudades.



## ...sus manos

Aquel día tenía que escoger entre dos discursos y eligió Galicia.



## ... su cabeza

**Creo en el entendimiento, en la moderación, en la responsabilidad, en el servicio público. Creo en una Galicia unida. Unida entre sí y unida a una España unida.**

**Galicia es una tierra que considera la estabilidad como un requisito para el bienestar de las personas, conviviendo en una España sometida a sobresaltos y una Europa con serias disyuntivas.**

**Cuando hay estabilidad los resultados acaban llegando. Ahí están los éxitos más recientes de la educación pública gallega, con las calificaciones más altas y el abandono escolar más bajo.**

**La preocupación y el reto que todos compartimos ahora es el demográfico. Nadie va a tener hijos porque su gobierno le diga que es bueno, pero pueden tener claro que tendrán nuestro apoyo al máximo. Queremos que Galicia sea el mejor lugar para formar una familia.**

**Quero que Galicia sexa máis calidade que nunca. Calidade de vida para os que aquí viven, calidade como marca que identifica o que facemos e vendemos, e tamén calidade medioambiental.**

**El Xacobeo 21 es una enorme oportunidad de mostrar al mundo todo lo que somos y de lo que somos capaces, y también la mejor ocasión para encarar la década que viene con un listón aún más alto.**

## Entrevista

# “Son libre porque podo dicir moi claro o que farei: deberme a Galicia”



***Un prognóstico para as eleccións?*** *O que Galicia diga. Sempre.*

### O NACIONALISMO E O INDEPENDENTISMO SÓ SE DEBEN AO NACIONALISMO E AO INDEPENDENTISMO. O POPULISMO SÓ SE DEBE A SI MESMO. E AO ACTUAL PSOE NON LLE IMPORTA SÓ DEBERSE A ESTES

**Despois de tres lexislaturas como Presidente, por que unha cuarta vez?**
A estas alturas só hai unha razón e é Galicia. Despois de estar ao carón do meu pobo no máis duro da recesión e ilusionarnos tamén coas melloras... as ambicións persoais desaparecen e xa só queda o compromiso persoal coa miña terra. Hai quen pensa que eu xa non teño nada que gañar pero o que eu non quero é que Galicia teña nada que perder.

**E que pode gañar ou perder?**
Durante a crise económica, Galicia mantivo a súa estabilidade e actuamos con responsabilidade. E durante estes anos de crise institucional, con bloqueos, eleccións... Galicia mantivo esa mesma firmeza e seguimos avanzando. O desafío hoxe é ademais garantir esa estabilidade e reforzar a unidade que xa hai en Galicia, porque a política en España está partindo a sociedade en dous bloques de partidos e iso non ten sentido ningún.

**E como se sae desa dinámica?**
Eu creo nunha política útil e esa fractura é innecesaria e evitable. A todos os galegos únennos máis cousas das que nos separan. Estamos nun punto na política no que a normalidade parece extraordinaria. Pois eu pido unha maioría que é extraordinaria pero non por ser ou facer cousas extraordinarias, senón para preservar a normalidade que xa hai en Galicia. Por que na política non pode haber o entendemento que hai entre xentes moi diferentes na rúa?

**Que quere dicir con ser un candidato e un presidente libre?**
Fálase moito de pactos, coalicións, cargos, enquisas... e aquí parece que o servizo ao pobo é secundario. Eu non me presento para liderar ningún bloque de partidos fronte a outros senón para ser presidente de todos os galegos, sen excepción. Aos galegos que lles importa o benestar, o emprego, a economía... aos que me voten e aos que non. Eu son o candidato do PPdeG, pero que ninguén me sitúe nun ou noutro bloque de partidos porque non estou. Non participo desa política. Son un candidato libre porque podo dicir moi claro o que farei como presidente, sen que ningún partido me impoña nada contra os meus principios e a miña propia palabra.

**Todos din que cumprirán...**
Si, como Pedro Sánchez que proclamaba que non pactaría nunca con Podemos, cos nacionalistas e cos independentistas. Os galegos coñécenme e saben que cumpro os meus compromisos. Seguín en Galicia porque din a miña palabra e a palabra ten que ser máis valiosa que calquera interese ou ambición persoal. A política en España está nunha deriva tal, que houbo a quen lle pareceu estraño que simplemente queira ser coherente.

**Tamén todos din que só se deben a Galicia...**
O nacionalismo e o independentismo só se deben ao nacionalismo e ao independentismo. O populismo só se debe a si mesmo. E ao actual PSOE non lle importa só deberse a estes. Eu só me debo a Galicia e acrediteino. Despois de tres lexislaturas gobernando non me presento para gañarme o favor de ningún partido senón para deberme a todos os galegos. Eu volverei ser presidente se os galegos queren que o sexa, non se un partido me dá o seu permiso.

> *A palabra ten que ser máis valiosa que calquera interese ou ambición persoal.*

**Que poden esperar os galegos para esta nova lexislatura?**
Sei que non son unha novidade pero tampouco son unha incógnita. Os galegos saben ben quen son e, guste máis ou menos, saben tamén que fago o que digo, que digo o que podo facer, que non prometo imposibles pero que sempre fago todo o que está na miña man con responsabilidade.

**E cal é a alternativa?**
É moi difícil definila porque nin eles mesmos serían capaces. Só saben que queren chegar. Estamos a falar de non se sabe cantos partidos sen que nin tan sequera estea claro cal deles lideraría ese multipartito. Non se sabe quen presidiría esa Xunta, imaxínese quen levaría a facenda ou a educación. Todo en función de quen se impón a quen. Xamais se puido construír nada sólido, duradeiro e que mereza a pena sobre o odio e o enfrontamento. Eu quero unha Galicia que avance e construa unida.

## Así o ven



*Coñecín a Alberto Núñez Feijóo nos seus anos de estudante no Instituto Masculino da Ponte, en Ourense, onde eu era profesor e xefe de estudos. Tiven a sorte de telo como alumno. Gardo moi grato recordo del como estudante e como persoa: atento na clase, serio e respectuoso cos demais. Son calidades estas non moi frecuentes nun mozo da súa idade.*

*Por outra parte, tiña unha virtude importante na comunicación, que era a do emprego da palabra precisa no momento oportuno e, ademais, a capacidade de rectificación nas súas actuacións, con serenidade e aplomo.*

*Durante moitos anos non tiven contacto persoal con el. Recentemente coincidimos en dous actos celebrados no instituto da Ponte [o actual IES Blanco Amor] e puiden comprobar, con satisfacción, que segue sendo a persoa cordial no trato que eu recordaba.*

**Albino Núñez**
***Profesor de Feijóo no Instituto Público Blanco Amor de Ourense***

# Galicia innovadora



## Unha terra que se supera co apoio do I+D

**GALICIA INCREMENTOU NESTA LEXISLATURA UN 19% O SEU INVESTIMENTO EN INNOVACIÓN, QUE DUPLICA A MEDIA DE ESPAÑA**

A economía galega está a acelerar na súa ruta cara ao futuro pisando a fondo o pedal da innovación. Sectores coma o aeronáutico ou o biotecnolóxico, que hai moi pouco tempo podían parecer cousas de Silicon Valley, hoxe están plenamente arraigados en Galicia. O alto nivel dos profesionais galegos fai que as grandes empresas vexan cada vez máis oportunidades da nosa terra.

Ademais, cada día son máis as pemes que apostan pola I+D para seguir crecendo. Hoxe, Galicia **investe en innovación** o dobre que a media de España.

Esta aposta polo futuro está a dar os seus froitos. A Galicia de 2020 exporta máis que nunca antes na nosa historia e o noso tecido económico leva varios anos facturando máis de 20.000 millóns de euros, unha cifra que se le rápido pero leva detrás unha cantidade enorme de traballo e de espírito de superación constante.

Ademais, Galicia está sentando as bases para a innovación do futuro: somos pioneiros na extensión das **redes 5G**, 120.000 alumnos galegos estudan xa en **aulas dixitais** e existen iniciativas para convencer a **1500 investigadores** para que volvan ou se queden aquí para traballar.

### A BOLSA (de emprego) EN GALICIA

| + 17.500 | + 4.150 | + 800 | + 1.000 | + 23.300 |
|---|---|---|---|---|
| EMPLEOS NOVOS que crea Galicia cada ano desde 2014. | Novos postos de TRABALLO NO SECTOR DA AUTOMOCIÓN. | Profesionais no sector aeroespacial, O TRIPLO QUE HAI 5 ANOS. | EMPRENDEDORES con apoio da Xunta na innovación: MÁIS QUE NUNCA. | Traballadores no sector TIC: UNHA CIFRA RÉCORD. |

### EXEMPLOS A SEGUIR



NAVAL

#### O SECTOR NAVAL RECUPERA A VELOCIDADE DE CRUCEIRO

Moito cambiaron as cousas desde hai un década, cando os estaleiros estaban case baleiros. Hoxe Galicia ten 24 barcos pedidos, a segunda maior carteira de Europa, que mellora as perspectivas do sector naval en comarcas como Vigo ou Ferrolterra.



AUTOMOCIÓN

#### UN DE CADA SEIS COCHES FEITOS EN ESPAÑA TEN SELO GALEGO

O bo facer da factoría viguesa de Balaídos dá resultados. Ademais de ser a escollida para os dous novos modelos do grupo, hoxe un de cada seis vehículos que se fabrican en España proveñen de Galicia. Nos últimos anos creáronse no sector 4.150 empregos.



RURAL

#### CALIDADE E TRANSFORMACIÓN PARA VIVIR NO RURAL E DO RURAL

O agro galego é, cada vez máis, sinónimo de calidade. Galicia é a terceira comunidade con máis certificacións. Nos últimos tres anos apoiáronse tamén 300 proxectos de transformación, pois a industria agroalimentaria pode multiplicar o valor dos produtos da nosa terra.



MAR

#### UN SECTOR MARÍTIMO COMPETITIVO PARA REFORZAR O NOSO LIDERADO

A nosa comunidade é a segunda potencia conserveira do mundo. O marisqueo e o sector mexilloeiro facturan cada vez máis e a Xunta acompaña a súa puxanza defendendo aos profesionais ante Europa. Nesta década as cotas pesqueiras incrementáronse un 90%: 225 millóns de euros máis.

# Galicia verde

## O mellor legado para as vindeiras xeracións

**GALICIA É REFERENTE NACIONAL NA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO**



O verde de Galicia non é tan só unha característica dos nosos montes. Tamén é unha aposta de futuro que fixemos os galegos para conservar e potenciar a nosa riqueza natural.

Mentres España se marca como obxectivo de futuro que o 70% da electricidade veña de fontes renovables, a Galicia de hoxe xa superou esa marca, cun **82% de enerxía limpa**.

As vindeiras xeracións necesitarán o coche menos ca nós, pois nesta década o 97% da poboación vivirá a **menos de 200 metros** dunha parada de autobús e vivirán nunha comunidade con montes e rías máis limpas, grazas ás iniciativas que se están a desenvolver a día de hoxe.

Ademais, a Galicia verde ofrece unha gran oportunidade para o crecemento sostible.

Tan só neste ano, as vendas da **agricultura ecolóxica** creceron un 33% e xa somos líderes en número de explotacións gandeiras que producen **leite ecolóxico**.

## Galicia calidade



# Un selo de excelencia en todo o que facemos

A estas alturas, ninguén necesita que se explique o que é Galicia Calidade. Naceu como un selo para os produtos e servizos que levan por todo o mundo o bo nome da nosa comunidade, pero hoxe xa é case unha marca que resume o orgullo de ser o que somos. Nestes últimos anos, o obxectivo que se marcou Alberto Núñez Feijóo foi que toda a acción de goberno estivese á altura da calidade que demostra día a día Galicia.

Isto significa distribuír con responsabilidade os cartos que son de todos e non gastar máis do que se ten. Algo que debería ser puro "sentidiño" converteu, nestes tempos, a Galicia en toda unha excepción. Non houbo nin un só ano no que deixásemos de aprobar os **Orzamentos** en tempo e forma. Os provedores da Administración poden durmir tranquilos, porque cobran as súas facturas máis rápido que en ningunha outra parte. Ademais, Galicia situouse no podio da boa xestión, porque é unha das tres comunidades que mellor cumpriu co **déficit** público.

Aquí as herdanzas non pagan impostos, senón que a herdanza que lles deixamos aos galegos do futuro é outra ben distinta. Grazas á calidade na xestión, pagamos menos que nunca por desprazarnos dentro de Galicia: hoxe temos 220 quilómetros máis de **estradas totalmente libres de peaxes,** unha nova rede de **transporte metropolitano** que permite aos usuarios aforrar máis de 600 euros ao ano e sete **estacións intermodais** nas sete principais cidades, ou en obras ou cun proxecto moi avanzado.

Galicia non tivo que elixir entre cumprir e crecer: nestes anos tivemos as dúas. Hoxe hai máis emprego que hai unha década e menos paro que no conxunto de España. O ano pasado Galicia foi a segunda comunidade onde máis **subiron os soldos**, porque o emprego —como non podía ser doutra forma— tamén ten que ser cada día de mellor calidade.

### MÁIS CRECEMENTO, MENOS IMPOSTOS

**A MAIOR REBAIXA FISCAL DA HISTORIA**
Os galegos pagamos menos IRPF e non hai impostos para comprar vivenda no rural.

**AS HERDANZAS GALEGAS NON PAGAN**
O 99,9% dos galegos xa non teñen que aboar o Imposto de Sucesións.



### CARA AO XACOBEO 2021

**350.000 PEREGRINOS**
Récord por terceiro ano consecutivo

**+180 NACIONALIDADES**
Cada día veñen de máis lonxe

**138 CONCELLOS**
Que atravesan os Camiños de Santiago

## 10 LIDERAZGOS DE GALICIA **que quizás no sabías**



# Galicia familiar

## Unha sociedade que nos arroupa desde bebés ata que somos maiores

**GALICIA, COMA CALQUERA FAMILIA, ATENDE CON ESPECIAL MIMO AOS MÁIS PEQUENOS DA CASA, QUE DECIDIRÁN O RUMBO NO FUTURO, E ÁS AVOAS E AVÓS, QUE NOS TROUXERON ATA AQUÍ E MERECEN TODO O RESPECTO**



Quizais non saibas que na Galicia de hoxe hai o dobre de prazas públicas de educación infantil de 0 a 3 anos que hai once anos. Quizais sexa a primeira vez que leas que desde 2009 se multiplicou por catro o número de **persoas dependentes** que dispoñen dalgún servizo especializado ou axuda pública para facerse maiores nas mellores condicións.

As cifras son a mellor radiografía de todo o que se leva avanzado nestes anos, pero non abondan para resumir o que significa a Galicia familiar. O que realmente importa é que as familias que necesitan apoio para coidar aos máis pequenos ou aos máis maiores da casa poden estar máis tranquilas que nunca antes, porque a sociedade galega está apoiándoos con axudas económicas como a **Tarxeta Benvida,** recén mellorada para familias numerosas e tamén as do rural.

Todos os expertos coinciden en que a educación infantil é fundamental para que as nenas e nenos desenvolvan ao máximo as súas capacidades. Por iso, ademais de ampliar a oferta, a partir deste 2020 **a escola infantil será gratuíta** para todas as familias para o seu segundo fillo e seguintes, teña a idade que teña o primeiro. Unha medida pioneira da que moitos falan, pero que só Galicia conseguiu facer realidade. Por certo! No rural, tampouco pagan os primeiros fillos, grazas ás **casas niño.**

Ofrecemos unha primeira educación da máxima calidade para que os galegos poidan ser o que eles desexen. E esa aposta pola liberdade mantense tamén cando nos facemos maiores. Temos dereito a pasar estes anos da nosa vida como libremente decidamos, sen que ninguén nos impoña un xeito concreto de envellecer.

Como a maioría dos cidadáns queren facerse maiores na súa contorna, apostamos máis que ningunha outra comunidade polo **servizo de axuda no fogar**, levamos atención de proximidade ao rural coas **casas do maior** e achegamos menús saudables para cada día da semana a máis de 1300 maiores que viven sós co **Xantar na casa.**

## RADIOGRAFÍA DE LA SANIDAD PÚBLICA DE GALICIA



**A CORUÑA**

Un nuevo hospital que duplicará la superficie actual y que dará respuesta a las necesidades de las próximas décadas.



**VIGO**

Un hospital de vanguardia con tecnología puntera para tener los mejores resultados asistenciales de la historia de su área sanitaria.



**OURENSE**

Ampliación de superficie, Hemodinámica 24h. y dotación con la última tecnología para ser un hospital líder en innovación sanitaria.



**LUGO**

El progreso de un hospital con nuevos servicios y prestaciones: Medicina Nuclear, Radioterapia y Hemodinámica las 24 h.



**SANTIAGO**

Un hospital volcado en la formación, docencia e investigación sanitaria y que se sigue avanzando con un proyecto de ampliación.



**PONTEVEDRA**

Renovación de áreas como Neonatología y en proceso de licitación la ampliación que hará realidad el Gran Montecelo para las próximas décadas.



**FERROL**

Ya son visibles las obras de ampliación de un hospital en el que ya es realidad una nueva unidad de Anatomía o la equipación integral de lavandería y cocina.

### 93 CENTROS DE SALUD NUEVOS O RENOVADOS:

NUEVOS: A Capela · A Coruña-Novo Mesoiro · A Illa de Arousa · A Laracha · A Merca · A Peroxa · Ares · Arteixo-Vilarrodís · As Somozas · Barbadás · Cambre-O Temple · Carballedo · Cot
Malpica-Buño · Marín · Monterroso · Nigrán-Panxón · Oia · Oleiros · Oroso-Sigüeiro · Ortigueira-Espasante · Ourense-O Couto · Pazos de Borbén · Pontedeva · Pontevedra-A Parda · Sa
Vilamarín · Vilar de Santos · Vilarmaior · RENOVADOS: A Rúa · Amoeiro · Arteixo · Boimorto · Cabanas · Cambre · Crecente · Carballeda de Avia · Carballeda de Valdeorras · Ferrol-Seran
Cesuras · Padrón · Palas de Rei · Pantón · Tomiño · Valdoviño · Valga · Vigo-Lavadores · Vilaboa-Toural · Vilanova de Arousa · PRÓXIMAMENTE: A Coruña-Santa Lucía · A Estrada · A Rúa
· Cee · Coristanco · Lalín · Lugo-Barrio da Residencia · Melide · Moaña · Mugardos · Narón · O Porriño · O Saviñao · Ortigueira · Paderne de Allariz · Padrón · Pereiro de Aguiar · Poio

## GALICIA CUIDA DE SÍ MISMA CON SU SANIDAD PÚBLICA

### PREVENIR

**PROGRAMAS DE DETECCIÓN**

| | |
|---|---|
| Cáncer de colon | **100% DE LA POBLACIÓN** |
| Cáncer de cérvix<br>Cáncer de mama | **TODAS LAS GALLEGAS Y LOS GALLEGOS EN RIESGO** |

**EL PROGRAMA GALLEGO DE VACUNACIÓN SIEMPRE ACTUALIZADO Y CON COBERTURAS MÁS AMPLIAS**

### RESPONDER

**- 20 DÍAS** DE ESPERA **QUIRÚRGICA** en pacientes con patologías muy graves

**LA MEJOR** ESPERA **QUIRÚRGICA** 56 días menos que en el resto de España

**1** TRASPLANTE DIARIO

**160.200** INTERVENCIONES SANITARIAS DIARIAS

**+830** OPERACIONES QUIRÚRGICAS DIARIAS

**+7.000** URGENCIAS DIARIAS

**419** Resonancias diarias

**6.170** Radiografías diarias

**1.703** Ecografías diarias

**1.157** TAC's diarios

## Galicia moza

# Galicia, fábrica 4.0 de oportunidades

### QUEREMOS QUE TODA A XUVENTUDE TEÑA OPCIÓNS PARA PROSPERAR NA NOSA TERRA

Galicia pode presumir da súa xente nova. É inconformista, ten moitas inquedanzas e tamén conta coa mellor das formacións. Os nosos colexios e institutos ábrenlles todas as portas para tomar o rumbo que prefiran. Se optan pola Universidade, en Galicia pagan **menos taxas** que en calquera outra parte de España. Ademais, despois de que a Formación Profesional recibise nestes anos un impulso histórico, o número de estudantes de ciclos medios e superiores **incrementouse** un 50%. Tamén se creou a **FP dual**, que combina formación e emprego. E máis de 3500 mozos se incorporaron con axudas da Xunta á **actividade agraria.**

Con todas estas opcións, que se adaptan ás preferencias e inquedanzas de cada persoa, non é casualidade que o abandono escolar estea en mínimos históricos!

Os alumnos que teñen algún tipo de discapacidade contan coa Educación pública máis **inclusiva**: o 93% vai ás mesmas aulas que todos os seus compañeiros. E como boa parte da nosa comunidade é rural, temos a **mellor rede pública de transporte escolar** de España. Fóra das aulas, **os menores de 21 anos tamén viaxan gratis**: 60.000 mozos xa o fan e este ano estenderase este beneficio a todos os concellos galegos.



Pero ollo, que non todo vai ser estudar! A mocidade galega tamén debe ter alternativas de ocio para o seu tempo libre. Existen actividades de voluntariado social e ambiental que se adaptan a todos os gustos e este ano a oferta dos **campamentos de verán da Xunta,** que marcaron a toda unha xeración de galegos, será a máis grande e variada de todos os tempos.

## LA BUENA EDUCACIÓN

*La Educación es, como diría el poeta, "un arma cargada de futuro". No es la inversión que da más réditos a corto plazo, pero sí la más rentable para lograr una Galicia próspera y que dé a los más jóvenes todas las opciones posibles para que consigan ser aquello que se propongan.*

*Quién diría a los gallegos de hace unos años que hoy en nuestros colegios e institutos públicos se impartirían clases de Robótica, de Programación y de Oratoria. Estas asignaturas, que hace no mucho solo se podían ver por televisión en alguna película extranjera, hoy forman parte del día a día de las aulas gallegas.*

*Los excelentes resultados de Galicia en el informe PISA, el medidor más prestigioso de la calidad de un sistema educativo, no son fruto de la casualidad.*

*Hoy, con el apoyo de unos profesores que han demostrado en estos años una vocación y un compromiso admirables, nuestras alumnas y alumnos son los mejores de España en ciencias y la Educación gallega ya mira cara a cara a la de Finlandia o Alemania. Eso sí: no dejaremos de exigir una Selectividad justa, que no penalice a los mejores alumnos y a las comunidades más exigentes, como Galicia.*

*El futuro de nuestra comunidad se forja en nuestros colegios e institutos. Ahí está el espejo de la Galicia que queremos: una comunidad tolerante, integradora, tecnológica y plurilingüe. De esos centros saldrá una generación con más caminos que nunca a su disposición y con más herramientas que nunca para labrar su propio porvenir.*

## RADIOGRAFÍA DE LA SANIDAD PÚBLICA DE GALICIA



**SALNÉS**
Ampliación del 26% de superficie duplicando el área de Urgencias y renovando el área quirúrgica con 5 nuevos quirófanos.



**A MARIÑA**
Ampliación del hospital un 33% más dotándolo de nuevas unidades de hospitalización y de un hospital de día oncológico.



**BARBANZA**
Creación de un nuevo Servicio de Urgencias y de una unidad especializada en Rehabilitación Cardíaca.



**MONFORTE**
Creación de nuevos servicios, mejoras en infraestructuras e incremento de personal para mejorar la hospitalización.



**VERÍN**
2,6 millones de euros de inversión en la nueva área de Urgencias y mejora del equipamiento general del hospital.



**CEE**
Renovación de las áreas quirúrgicas, nuevas consultas y ampliación del servicio de diálisis para atender la demanda de pacientes de la zona.



**VALDEORRAS**
Mejora del equipamiento, incremento de personal y renovación de las áreas de Urgencias y de Laboratorio.

...tobade-Carballedo · Coristanco-Agualada · Culleredo-Portádego · Entrimo · Gondomar · ...ntiago-Galeras · Sanxenxo-Baltar · Sanxenxo-Vilalonga · Sarria · Toén · Tui · Vigo-Navia · ...tes · Gomesende · Leiro · Malpica de Bergantiños · Muíños · O Bolo · Outeiro de Rei · Oza-...a · Ames-Bertamiráns · Ames-Milladoiro · As Pontes · Caldas de Reis · Cangas do Morrazo ...· Salceda de Caselas · Santiago-Conxo · Vigo-Bouzas · Vigo-Olimpia Valencia · Xermade

## 8 de cada 10 gallegos vive cerca de un centro de salud o un hospital público nuevo o renovado

## GALICIA CUIDA DE SÍ MISMA CON SU SANIDAD PÚBLICA

### TRATAR

**TELEA**
Plataforma de control teleasistido del paciente crónico desde el domicilio

EL **70,2%** DE LOS GALLEGOS CONSIDERAN QUE **LA SANIDAD PÚBLICA FUNCIONA BIEN O BASTANTE BIEN**

**469** CENTROS DE SALUD

**90** (PAC'S ) PUNTOS DE ATENCIÓN PARA URGENCIAS MENORES

AMPLIACIÓN DE LA **HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO** PARA LLEGAR AL **100% DE LA POBLACIÓN**

**39.649** PROFESIONALES SANITARIOS **+9,35%** RESPECTO A 2008

### INVERTIR

**Galicia destina el 40% del total de su presupuesto a la sanidad pública**

4.109,6 millones de euros, **MÁS QUE NUNCA**

# Dito e Feito

| DITO | FEITO |
|---|---|
| *La Región · 7 de marzo de 2018*<br>**Feijóo avanza la aprobación del primer plan de conciliación de la Xunta** | *ABC · 5 de abril de 2018*<br>Las empresas que concilien tendrán ventaja en los concursos de la Xunta |
| *Diario de Arousa · 8 de marzo de 2017*<br>Feijóo anuncia un nuevo plan que facilitará la igualdad de oportunidades | *El Correo Gallego · 30 de marzo de 2017*<br>**El nuevo plan gallego de igualdad sube sus fondos a 391 millones y prioriza combatir la violencia machista** |
| *La Voz de Galicia · 29 de marzo de 2019*<br>Feijoo saca pecho en Madrid con el cumplimiento del déficit | *Atlántico Diario · 2 de febrero de 2020*<br>**La Xunta cumple con el déficit a pesar de la deuda del Gobierno** |
| *Cadena Ser · 20 de septiembre de 2016*<br>**Feijoo: "La educación es la aportación más importante de la administración pública a la sociedad"** | *El Progreso · 28 de noviembre de 2016*<br>La Xunta convoca su mayor oferta en unas oposiciones de Educación: 3.654 plazas |
| *El Correo Gallego · 31 de mayo de 2018*<br>**En marcha la hoja de ruta para el mejor Xacobeo de la historia** | *ABC · 21 de julio de 2019*<br>Galicia se prepara para un Xacobeo «de todos» y con cifras de récord |
| *eldiario.es · 5 de abril de 2017*<br>Feijóo se compromete a llegar a 60.000 dependientes atendidos en este mandato | *Atlántico Diario · 5 de febrero de 2020*<br>**La Comunidad tendrá este año 65.000 dependientes atendidos** |
| *El Ideal Gallego · 8 de julio de 2017*<br>Feijóo anuncia que Galicia contará con un plan estratégico de la conserva | *Faro de Vigo · 3 de marzo de 2018*<br>La conserva gallega crea empleo por cuarto año seguido y bate nuevo récord exportador |
| *La Región · 12 de abril de 2018*<br>**La Xunta destinará 235 millones para incentivar el retorno de emigrantes** | *La Voz de Galicia · 19 de febrero de 2020*<br>Galicia lidera el flujo de emigrantes retornados durante el último año |

# DESFEITA

**Beiras llama a Santiago «depósito de restos humanos en descomposición» tras los resultados del 26M**
*La Voz de Galicia · 30 de mayo de 2019*

**Ana Pontón le toca la cara a Gonzalo Caballero: "Mal empezamos"**
La portavoz nacional del BNG critica la propuesta del PSOE de organizar un cara a cara entre Caballero y Feijóo
*Economía Digital · 14 de febrero de 2020*

**Pachi Vázquez competirá contra el PSOE desde su nuevo partido, Espazo Común**
...ialistas gallegos presentará listas en 20 municipios ourensanos y aspira a ser llave en
*El País · 18 de febrero de 2019*

**Galicia se marcha de vacío después del enésimo desplante del Gobierno**
El conselleiro de Facenda muestra su descontento y proclama: «No podemos reconocer que la deuda es nuestra... de los tribunales para el IVA, avisa al Ejecutivo de que no va a «ceder» para cobrar...

**El PSOE abre expediente a Gonzalo Caballero por difamar a Carmela Silva**
...absoluta legalidad" de la situación de la edila y ... acusa a los críticos de querer producir "daños ...s y morales"
*El Correo · 30 de agosto de 2013*

**La izquierda no se entiende en Galicia**
*Fa...*

**Crisis en el PSOE de La Coruña: dimiten nueve miembros de la Ejecutiva críticos con la dirección local**
Reconocen tensiones entre el sector mayoritario y los afines a Gonzalo Caballero, quien avaló a la actual secretaria municipal,
*ABC · 8 de mayo de 2018*

**Ciudadanos se queda sin portavoz en Galicia**
*Economía Digital · 3 de julio de 2019*

**La crisis interna del PSOE llega a Pontevedra, divididos entre part... de Sánchez y de los críticos**
*Pontev...*

**La crisis del PSOE en Lugo: una división que puede tener consecuencias**
*La Voz de Galicia · 19 de junio de 2019*

**La carta de despedida de Luís Villares: "hay una carrera desbocada por conservar los puestos"**
El dimitido líder de En Marea acusa al rupturis... obsesionado con los...
*21 de febrero...*

**El delegado del Gobierno desaira a la Xunta y engaña a los gallegos**
*El Corr...*

**Nueva crisis del PSOE en Ourense a poco de las elecciones**

**Luís Villares se va y arremete contra las cúpulas de Anova, Podemos y EU**
El futuro de la formación está en el aire y la coordinadora decidirá si se abre el proceso para elegir candidato
*La Voz de Galicia · 19 de febrero de 2020*

**Santiago Abascal apuesta por su tía para encabezar las listas de Ourense**
*El Pl...*

**Vox tacha a Núñez Feijóo de "nacionalista gallego"**
Las primeras encuestas dejan al partido ultra fuera del Parlamento autonómico en las elecciones del 5 de abril
*El País · 18 de febrero de 2020*

**Otegi propone a BNG y a ERC una coalición progresista para el 28-A**
El líder abertzale aspira a unir a las "naciones sin Estado" para combatir al "bloque reaccionario"
*Ideal Gallego · 3 de marzo de 2019*

# Ti elixes






| | |
|---|---|
| Quiere preservar la estabilidad de Galicia para seguir avanzando. | Cuando no hay un lío en un partido lo hay en otro o en todos a la vez. |
| Quiere una Galicia unida en la que prime el entendimiento que ya existe entre la gran mayoría de los gallegos. | Su única propuesta y lo único que les une es ir a la contra. |
| Después de ganar tres veces, su única ambición es servir a Galicia. | Sólo quieren llegar y ocupar los cargos. Nadie sabe bien para hacer qué. |
| Quiere una Galicia más familiar, más verde, más innovadora y que apoye a los jóvenes: Galicia Calidade. | No existe proyecto conjunto y se desconocen propuestas por separado. No importa, no cumplen. |
| Es un presidente libre que sólo se debe a los gallegos y a nada ni nadie más. | Con tal de llegar, se dejarían imponer cualquier cosa los unos a los otros. |
| Los gallegos saben quién es y lo que pueden esperar de él. | Ni tan siquiera está claro quién lideraría ese multipartito. |
| Su modelo es Galicia porque Galicia é moito. | Para unos su modelo es la Cataluña de los independentistas y para otros el abrazo de Pedro Sánchez a Pablo Iglesias. |

# Pasatempos

## Atopa as 49.567 diferenzas

PEDRO SÁNCHEZ CANDIDATO




PEDRO SÁNCHEZ PRESIDENTE




**ENTRE AS PERSOAS QUE ACERTEN ESTES PASATEMPOS SORTEARASE UN DOS 2.874.235 MINISTERIOS DO BIGOBERNO DE ESPAÑA DE PODEMOS E PSOE**

**ESPACIO RESERVADO PARA LAS PROPUESTAS DE LA OPOSICIÓN**



## Cruzada

NINGUNA PALABRA ES UN ELOGIO DE LA OPOSICIÓN A GALICIA




### Horizontales

3. Para el BNG, ejemplo a seguir para cualquier presidente autonómico. Líder y modelo. PUIGDEMONT
5. Unidad de tiempo en la que se mide la duración de los líderes de las Mareas. SEGUNDO
6. Alternativa a Feijóo que proponen todos los demás partidos. LÍO
10. El sueño del BNG es conseguirla algún día... INDEPENDENCIA
11. Hace 8 años el PSOE quería que fuese Presidente de Galicia. Hoy lo llamán "irrelevante". PACHI
12. Premio que recibe la persona que consigue saber qué carallo pasa dentro de Podemos, Mareas, Común da Esquerda, Anova, etc. NOBEL

### Verticales

1. Momento que propone el Gobierno de España para pagar la deuda que tiene con Galicia. NUNCA
2. Algo de Galicia que envidian en toda España. Además de la comida, la cerveza y las suaves temperaturas. ESTABILIDAD
4. Apellido del político que peor duerme de España. SÁNCHEZ
7. Número de manos que hacen falta para contar los ministros del bipartito PSOE - Podemos. CINCO
8. VOX dice que su principal objetivo es que el Presidente de la Xunta no sea... FEIJÓO
9. Antiguo Gobierno autónomico que es sinónimo de conflictos internos, despilfarro y sectarismo. Ahora quieren repetirlo multiplicado. BIPARTITO

## Labirinto

QUE CAMIÑO LEVA A GALICIA?




## Funda o teu propio partido de esquerda rupturista

TI TAMÉN PODES INTENTAR PILLAR CACHO NO MULTIPARTITO!

**QUE DÍA NACICHES?**

- **1-3** Movemento
- **4-6** Fronte
- **7-9** Converxencia
- **10-12** Unión
- **13-15** Bloque
- **16-18** Asemblea
- **19-21** Foro
- **22-24** Iniciativa
- **25-27** Alternativa
- **28-31** Plataforma

**DE QUE MES?**

- **XAN** animalista
- **FEB** independentista
- **MAR** socialista
- **ABR** popular
- **MAI** unitaria
- **XUN** soberanista
- **XUL** galega
- **AGO** antiFeijóo
- **SET** alternativa
- **OUT** filocomunista
- **NOV** hortofroitícola
- **DEC** superrupturista

**POR QUE LETRA EMPEZA O TEU NOME?**

- **A-B** duns amiguetes
- **C-D** de Xudea
- **E-F** que vai fusionarse co PSOE
- **G-I** alternativa
- **J-L** por un Cuspedriños ceibe
- **M-N** polo carguiño
- **Ñ-O** polos presos políticos
- **P-Q** posta a dedo por P. Iglesias
- **R-S** para fastidiar
- **T-U** recén escindida
- **V-X** para copiar a Cataluña
- **Y-Z** teledirixida desde Madrid

# Pasatempos

## Descobre quen é o autor de...

EMPARELLA AS FRASES COS SEUS EMISORES

- *"El objetivo es echar a Feijóo de la Xunta"* — VOX (Javier Ortega Smith, novembre de 2019)
- *"No me presento para liderar un bloque de partidos frente a otro bloque, sino para ser el presidente de todas las gallegas y gallegos"* — Feijóo (febreiro 2020)
- *"No veríamos con malos ojos a Feijóo como presidente"* — Ciudadanos (Juan Carlos Girauta, junio 2016)
- *"Con los independentistas, ni a una moción de censura"* — PSOE (José Luis Ábalos, xaneiro 2018)
- *"Yolanda Díaz foi a primeira persoa que me traizoou"* — Podemos (Xosé Manuel Beiras, abril 2017)
- *"O meu único pacto foi cos galegos, porque unha maioría de cidadáns, de mulleres e homes, así o decidiron"* — Feijóo (xuño 2018)
- *"Feijóo tiene un discurso muy próximo al nuestro"* — Ciudadanos (Olga Louzao, enero 2018)
- *"Cómo podría afrontar la situación de Cataluña con un Gobierno dividido en dos: uno defendiendo la Constitución y otro defendiendo a supuestos presos políticos"* — PSOE (Pedro Sánchez, setembro 2019)
- *"Estraño pobo o noso, escravos que votan ao amo. Pobo alienado e ignorante. Triste"* — Podemos (Miguel Anxo Fernán Vello, septiembre 2016)

**Alberto Núñez Feijóo**
**Podemos**
**VOX**
**Ciudadanos**
**Alberto Núñez Feijóo**
**PSOE**
**Ciudadanos**
**Podemos**
**PSOE**

## Sopa de letras

GALICIA É MOITO, DESCOBRE ALGUNHAS DAS RAZÓNS.

GALICIA
INNOVADORA
FAMILIAR
MOZA
TOLERANTE
VERDE
COHERENTE
CAPAZ
SOLIDARIA
CONVIVENCIA
ESFUERZO
PROGRESO
CALIDAD
ILUSIÓN
EDUCACIÓN
ENTENDIMIENTO

| | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| X | B | A | T | O | L | E | R | A | N | T | E | A | C | R |
| A | L | Z | A | H | S | A | W | G | O | A | D | H | O | W |
| R | F | A | P | V | O | A | T | Z | I | U | R | A | N | O |
| W | A | V | R | D | L | A | R | A | S | A | E | R | V | T |
| A | M | T | O | A | I | W | H | P | U | S | V | A | I | N |
| X | I | A | G | K | D | A | S | A | L | G | W | H | V | E |
| H | L | C | R | G | A | L | I | C | I | A | A | R | E | I |
| R | I | O | E | A | R | H | V | T | R | J | V | A | N | M |
| W | A | H | S | S | I | A | R | H | A | W | A | G | C | I |
| A | R | E | O | A | A | A | X | R | G | A | M | A | I | D |
| S | V | R | A | I | N | N | O | V | A | D | O | R | A | N |
| H | A | E | S | F | U | E | R | Z | O | A | Z | S | K | E |
| R | T | N | C | A | L | I | D | A | D | T | A | D | G | T |
| T | X | T | A | S | T | W | H | U | R | A | J | H | A | N |
| R | A | E | D | U | C | A | C | I | O | N | A | R | A | E |



## Para ben ou para mal, xa me coñecedes ;)


LINKEDIN


FACEBOOK


INSTAGRAM


TWITTER

## galicia TODAY



### O veciño de Pablo Iglesias presenta unha queixa formal: "moveume o marco"

Beltrán Gómez de los Cobos y González-Ocaña espertou un día cunha sorpresa inesperada: a súa parcela de 2.500 metros cadrados parecía un chisco máis pequena. Durante o seu paseo matinal, revisando o bo estado dos seus estanques e xardíns botánicos, deuse conta do que pasara: "O meu veciño, Pablo Iglesias, moveume dous metros as lindes". O vicepresidente afirmou que tiña costume de mover ao seu antollo os límites dos partidos da esquerda rupturista e que necesitaba ampliar o seu xardín porque xa non lle cabe o seu ego. O xuíz Villares, experto en que lle movan os marcos e en pelexas con Podemos, terá que dirimir este conflito veciñal.



### Otegi e Rufián serán os números 2 e 3 nas listas electorais do BNG

"Total, así acabamos antes". Así de claramente se expresaron os dirixentes do BNG sobre a incorporación de Arnaldo Otegi e Gabriel Rufián nas súas candidaturas. Despois da experiencia de terse presentado xuntos a varias eleccións europeas*, os nacionalistas galegos destacan que, cos seus colegas vascos e cataláns, todo será moito máis doado. "O noso programa está copiado do deles. Palabra por palabra. Para comprobar que fose 100% idéntico contratamos a un experto en plaxios, o doutor P. Sánchez". Nestes comicios, unha das novas propostas do BNG será independizarse dos galegos: "estamos fartos de que nunca voten o que queremos".

**Lamentablemente, isto non é unha broma.*

**ESTAS NOTICIAS EN PRINCIPIO NON SON CERTAS, PERO NON É DESCARTABLE QUE POIDAN ACABAR FACÉNDOSE REALIDADE**

TE DIRÁN...

# NO LEAS ESTE PERIÓDICO

Y TE LLAMARÁN...



## facha

...porque non consideran Galicia nada que non sexa eles mesmos e reparten carnés de bos e malos galegos. Pero a gran maioría cremos que ser galego é o mellor xeito de ser tamén español. Somos máis de abrirnos ao mundo, de sentirnos orgullosos tal e como somos e de non querer traer para aquí os problemas que o nacionalismo e o independentismo crean noutros lugares de España.



## carca

...porque eso de ser coherente y cumplir con la palabra dada ya no se lleva. Porque creer que es mejor la estabilidad y la responsabilidad en la gestión está anticuado. ¡Cuánto más cool es el comunismo o el independentismo! ¡Cambia de colchón, súbete a tu Falcon, ponte las gafas de sol y acompáñalos a la modernidad!



## pijo

...porque o saben de primeira man. Tiveron que facer o sacrificio de mudarse como experimento sociolóxico para poder explicarnos ao resto dos humanos en que consiste ser ou non ser "xente do común". Pero iso si, se fas o que eles din entón poderás acadar deles a súa aprobación e un abrazo sentido como o que conseguiu Pedro Sánchez.

## insolidario

...como se che ocorre nin tan sequera pensar que a Xunta mellorou algo o benestar dos galegos cun 65% máis de investimento en políticas sociais?



## nacionalista

...porque no quieren entender que se puede querer a España en gallego y a Galicia en castellano. Porque no aceptan que haciendo más Galicia se hace también más España. Éche o que hai...

PERO RECUERDA...

# ERES LIBRE

**Que nadie te diga lo que tienes que pensar, lo que tienes que sentir y en qué lengua expresarlo.**

*Podes facer con este xornal o que prefiras: sentar enriba del cando vaias ao fútbol, usalo como paraugas se te sorprende un chaparrón, envolver o peixe, empaquetar obxectos delicados ou incluso lelo e compartilo cos amigos. Fagas o que fagas con el, cando remates, lembra reciclalo e deixalo no colector do papel e cartón.*

**GALICIA É MOITO**

GALICIA É A QUE FAI, A QUE SE SUPERA, A QUE ACADA... E NÓS ESTAMOS AO SEU CARÓN. GALICIA É MOITO.

GALICIA SOMOS TODOS, CON INDEPENDENCIA DA NOSA IDEOLOXÍA, MILITANCIA OU VOTO.

@FeijooGal @FeijooGalicia | www.feijoo.gal